



**2º EXERCICIO: PARTE ESPECIFICA**

**INSTRUCCIÓN:**

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. Esta proba consiste nun cuestionario eliminatorio de supostos prácticos da parte específica do programa, de 100 preguntas tipo test con 10 de reserva (as 10 últimas, da E101 á E110), que deberán ser contestadas entre os números **E1** e **E110**, no corpo principal da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advirtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.  
Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

**EXAME EN GALEGO**

***LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO  
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO***

**1. Sinale a información que NON conteñen as TSI (tarxetas sanitarias individuais) emitidas en Galicia a partir de 2014:**

- A) Código SNS: código de identificación persoal único para todo o Sistema Nacional de Saúde.
- B) Lenda "TSI" en Braille, en casos específicos.
- C) Datos do hospital de referencia.
- D) Código de barras identificativo de cada cidadán.

**2. Están excluídos do ámbito de aplicación do Real Decreto 81/2014, do 7 de febreiro, polo que se establecen as normas para garantir a asistencia sanitaria transfronteiriza:**

- A) A hemodiálise.
- B) A asignación de órganos e acceso a estes con fins de transplante.
- C) Os tratamentos de radioterapia.
- D) Ningunha é correcta.

**3. Dos seguintes métodos, sinale o que serve para avaliar a opinión do paciente:**

- A) Enquisas de opinión/satisfacción.
- B) Análise de felicitacións, suxestións, queixas e reclamacións.
- C) Contacto con asociacións de usuarios e pacientes.
- D) Todas as respostas son correctas.

**4. Para acceder á Plataforma É-Saúde requírese:**

- A) DNI electrónico ou Chave 365.
- B) Tarxeta sanitaria.
- C) Certificado dixital da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre.
- D) A e C son correctas.

**5. Con respecto aos Grupos de Pacientes Ambulatorios (APG), sinale a resposta correcta:**

- A) Non inclúen os episodios de cirurxía ambulatoria.
- B) Non inclúen as visitas domiciliarias.
- C) Non inclúen os episodios de urxencias hospitalarias.
- D) Inclúen as consultas de atención especializada.

**6. Os centros, servizos e establecementos sanitarios de titularidade privada que presten servizos na comunidade autónoma:**

- A) Deberán ser autorizados seguindo a regulación establecida.
- B) Terán que contar sempre coa acreditación correspondente.
- C) Non poderán colaborar co Sistema Público de Saúde de Galicia, a través das diferentes fórmulas de contratos de servizos.
- D) Todas son correctas.

**7. No Catálogo de Tipos Documentais Normalizado do Servizo Galego de Saúde, existen os seguintes niveis de indexación posibles:**

- A) HOS: Hospitalización.
- B) CEX: Consultas externas.
- C) URG: Urgencias.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas

**8. O ciclo PDCA identifícase con:**

- A) Ciclo de Deming.
- B) Mellora continua.
- C) Metodoloxía Lean.
- D) Todas as respostas son correctas.

**9. Sinale, entre os seguintes indicadores, cal pode considerarse válido para avaliar a calidade da codificación:**

- A) Porcentaxe de erros na mecanización dos datos
- B) Media de códigos de procedementos por episodio
- C) Media de códigos de diagnóstico por episodio
- D) Todos os anteriores indicadores son válidos para avaliar a calidade da codificación

**10. Para a derivación de pacientes para a atención nun CSUR (centro, servizo ou unidade de referencia) aplicará a ambos os centros implicados:**

- A) A solicitude dirixirase soamente a un CSUR e non a varios centros á vez. No caso de denegación, por circunstancias excepcionais e debidamente xustificadas, reiniciarase o proceso de solicitude a un segundo centro.
- B) O CSUR deberá realizar a aceptación e citación do paciente no prazo máximo de 30 días, desde que recibiu a solicitude do paciente.
- C) O CSUR, unha vez realizada a aceptación, facilitará ao usuario un exemplar da citación que proporciona o SIFCO.
- D) Todas son correctas.

**11. Indica cal dos seguintes enunciados é o correcto: Necesítase cosentimento informado por escrito nos seguintes casos:**

- A) Para sometemento a procedemento de Diagnóstico Xenético Preimplantacional.
- B) Estudos de investigación que traten datos de pacientes do Servizo Galego de Saúde.
- C) Son certas A y B.
- D) Son todas falsas.

**12. Os facultativos poderán levar a cabo as intervencións clínicas indispensables en favor da saúde do/a paciente, sen obrigación de dar unha alta voluntaria nos seguintes casos:**

- A) Cando existe risco para a saúde pública por mor de razóns sanitarias establecidas pola Lei.
- B) Cando existe risco inmediato grave para a integridade física ou psíquica do/a enfermo/a e non é posible conseguir a súa autorización, consultando, cando as circunstancias o permitan, aos seus familiares ou ás persoas vinculadas de feito a el/ela.
- C) A e B son certas.
- D) É obrigación do facultativo, dar en todas as ocasións a Alta Voluntaria, xa que é un dereito e decisión do/a paciente.

**13. Cales son os dereitos do/a paciente sobre acceso e obtención dunha copia dos documentos da súa historia clínica?:**

- A) Acceso e copia completa da súa historia clínica.
- B) Acceso e copia de todos os informes da súa historia clínica.
- C) Acceso e copia de todos os documentos da súa historia clínica, excepto as anotacións subxectivas sometidas ao dereito de reserva dos profesionais.
- D) Acceso e copia de todos os documentos da súa historia clínica, excepto as follas de evolución.

**14. Os servizos de urxencias extrahospitalarios participan na atención ás situacións de múltiples vítimas e catástrofes?**

- A) Si.
- B) Nunca.
- C) Facíanlo antes do ano 2020, pero non na actualidade.
- D) Unicamente se o incidente de múltiples vítimas (IMV) é de nivel II ó superior.

**15. Que titulación debe ter o persoal condutor da empresa de transporte sanitario?:**

- A) Certificado de profesionalidade en transporte sanitario.
- B) Título de técnico/a en emerxencias sanitarias.
- C) Carné de conducir tipo A.
- D) A e B son certas.

**16. En relación ao Sistema de Información de Diagnóstico por Imaxe (SIDI):**

- A) Permite que a imaxe médica estea dispoñible, con calidade diagnóstica, para todos os profesionais do Servizo Galego de Saúde con competencias sobre ela, independentemente de onde ésta se teña xerado.
- B) Non permite funcións de informado por parte do equipo de profesionais que o precise desde o centro onde se atope.
- C) Os informes validados son envorcados a IANUS, historia en formato electrónico, que permite o acceso ao historial e informes do paciente exclusivamente da área Sanitaria á que pertence.
- D) As probas de Medicina Nuclear, como poden ser gammagrafía planar e SPECT, non son visibles a través de SIDI.

**17. A Comisión Central de Documentación Clínica para a Historia Clínica Electrónica como órgano asesor da consellería competente en materia de sanidade e do Servizo Galego de Saúde en materia de xestión da documentación clínica:**

- A) Avalía a documentación que debe formar parte da historia clínica electrónica.
- B) Define e mantén un catálogo de tipos documentais normalizado para todo o Sistema Público de Saúde de Galicia que permite o tratamento e explotación da información corporativa.
- C) Configura o texto dos respectivos Consentimentos Informados dos servizos asistenciais.
- D) A e B son correctas.

**18. Conforme ao Decreto 605/2003, do 23 de maio, NON se incluírán no rexistro de pacientes pendentes de intervención cirúrxica programada:**

- A) Pacientes en espera de transplante de órganos.
- B) Pacientes cuxa intervención cirúrxica sexa programada durante o episodio de hospitalización.
- C) Pacientes con prescrición non urxente dun procedemento, para cuxa realización o hospital ten previsto a utilización de quirófano e que se atopan en situación de ser intervidos.
- D) A e B son correctas.

**19. Cal dos seguintes sistemas de certificación da calidade é exclusivo da sanidade?**

- A) Joint Commission.
- B) EFQM.
- C) ISO.
- D) As respostas A e B son correctas.

**20. Conforme ao Decreto 54/2015, do 12 de marzo, a garantía do dereito á segunda opinión médica será aplicable a:**

- A) Enfermidades inflamatorias e dexenerativas invalidantes.
- B) Confirmación de diagnósticos de enfermidades raras.
- C) Enfermidades infecciosas de orixe vírica.
- D) Enfermidades emerxentes.

**21. No Servizo Galego de Saúde, as reclamacións poden presentarse:**

- A) Na Unidade de Atención ao Paciente.
- B) En todos os centros de saúde.
- C) De maneira telemática a través do Rexistro electrónico da Xunta de Galicia.
- D) Todas as respostas son correctas.

**22. Para os efectos do Real Decreto 81/2014 de Asistencia Sanitaria transfronteiriza:**

- A) "Estado membro de tratamento" é aquel en cuxo territorio se presta a asistencia sanitaria ao paciente.
- B) A asistencia sanitaria transfronteiriza prestarase de conformidade coa normativa do Estado membro de tratamento.
- C) Os gastos derivados da asistencia sanitaria que se preste noutro Estado membro a un paciente cuxo Estado de afiliación sexa España serán custeados polo paciente e o seu reembolso efectuarase de acordo con as condicións e requisitos previstos no real decreto.
- D) Todas son correctas.

**23. <br />Conforme o Decreto que regula a categoría de Médico/a de Admisión e Documentación Clínica do Servizo Galego de Saúde, as áreas sanitarias asumen no seu ámbito territorial a xestión de:**

- A) Tanto o nivel de atención primaria como hospitalaria.
- B) A coordinación sociosanitaria.
- C) A promoción e a protección da saúde.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

**24. Sinale a resposta correcta referida á calidade percibida:**

- A) Asíciase á comparación entre as expectativas e o que se acaba percibindo ao utilizar un servizo.
- B) Está baseada na opinión dos profesionais.
- C) Pretende satisfacer as expectativas dos profesionais.
- D) Todas as respostas son correctas.

**25. Conforme ao establecido no Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos do Sistema Nacional de Saúde, os servizos públicos reclamarán aos terceiros obrigados ao pago nos seguintes supostos:**

- A) Accidentes de traballo ou enfermidades profesionais, directamente ó afectado.
- B) Seguro obrigatorio de viaxeiros.
- C) Cidadáns estranxeiros, en todos os casos.
- D) Ningunha resposta é correcta.

**26. Segundo o RD 1039/2011, entre as obrigacións dos usuarios para que poida ser efectiva a garantía do tempo máximo de acceso ás prestacións sanitarias, atópase a de manter actualizados algún dos seus datos seguintes:**

- A) Teléfono.
- B) Correo electrónico.
- C) Domicilio.
- D) Todas as respostas son correctas.

**27. Sobre o consentimento informado:**

- A) Será por escrito, en xeral.
- B) Prestarase por escrito unicamente no caso de intervención cirúrxica ou procedementos diagnósticos e terapéuticos invasores.
- C) O paciente pode revogar libremente por escrito o seu consentimento en calquera momento.
- D) Non será necesario para cada unha das actuacións especificadas na lei.

**28. Segundo o Decreto 41/2013, do 21 de febreiro, sinale cal NON é unha función da Subdirección Xeral de Inspección, Auditoría e Acreditación de Servizos Sanitarios:**

- A) A inspección de servizos sanitarios en materia de saúde laboral.
- B) O deseño e a promoción dos programas de formación para o persoal dos servizos de inspección de saúde pública.
- C) As relacións coa Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios en materia de inspección.
- D) A inspección e control da xestión das prestacións sanitarias, tanto no sistema público como no privado.

**29. O Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) é redactado e elaborado por...**

- A) Protección Civil.
- B) A Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061.
- C) As comisións dos respectivos Municipios designadas para iso.
- D) A Consellería de Sanidade.

**30. Cada APR-GRD (All Patients Refined), cuxo algoritmo ten orientación clínica, consta de algun dos seguintes descritores:**

- A) GRD-APR base.
- B) 4 Subclases de Gravidade de Enfermidade (SE).
- C) 4 Subclases de Risco de Mortalidade (RM).
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

**31. En relación ao Catálogo de Tipos Documentais Normalizados do Servicio Galego de Saúde:**

- A) O profesional incorpora o documento segundo o seu propio criterio.
- B) Segundo a lexislación vixente, creouse no ano 2018, con carácter definitivo.
- C) Pódese consultar para comprobar que tipo de informes son visibles en É-Saúde.
- D) Todas as respostas anteriores son falsas.

**32. Sinale cal das seguintes enfermidades dispón dun Proceso Asistencial Integrado no Servizo Galego de Saúde.**

- A) Esclerose Lateral Amiotrófica
- B) Enfermedad de Alzheimer
- C) Enfermidade de Parkinson
- D) Artrite Reumatoide

**33. O dereito de acceso do paciente á historia clínica:**

- A) Non pode exercitarse en prexuízo do dereito de terceiras persoas á confidencialidade dos datos que constan nela.
- B) Non pode exercitarse en prexuízo dos profesionais participantes na súa elaboración, que poderían opoñerse ao dereito de acceso.
- C) Non pode exercerse por representación debidamente acreditada.
- D) Non poderá facilitarse o acceso dos pacientes falecidos ás persoas vinculadas a el, por razóns familiares ou de feito.

**34. O protocolo de localización de pacientes, regulado na Orde do 19 de maio de 2003 inclúe:**

- A) Realización de 2 chamadas telefónicas en 48 horas.
- B) Realización de 3 chamadas telefónicas en horas diferentes do día.
- C) Realización de 2 chamadas telefónicas en 48 horas e unha carta certificada con xustificante de recepción.
- D) Ningunha é correcta.

**35. O dereito ao acceso do/da paciente ou usuario/a á información contida na Historia clínica:**

- A) Pode exercitarse en prexuízo do dereito de terceiras persoas á confidencialidade dos datos que constan nela, recollidos en interese terapéutico do/da paciente.
- B) Non pode exercitarse en prexuízo do dereito dos/as profesionais participantes na súa elaboración, os cales poden opoñer ao dereito de acceso a reserva das súas anotacións subxectivas.
- C) A e B son certas.
- D) O acceso á historia clínica determíno o facultativo responsable da asistencia.

**36. Segundo o Real Decreto 69/2015, do 6 de febreiro, o rexistro de actividade de Atención Sanitaria Especializada ten como obxectivos e/o ámbito de aplicación:**

- A) Facilitar a realización de estatísticas do sector saúde a nivel estatal.
- B) Coñecer a demanda asistencial e a morbilidade atendida tanto en atención especializada como primaria.
- C) Coñecer a actividade tanto de hospitais como de centros ambulatorios que prestan servizos de atención especializada, tanto públicos como privados.
- D) A e C son correctas.

**37. Segundo o recolleito no Real Decreto 69/2015, do 6 de febreiro, no Rexistro de Actividades de Atención Sanitaria Especializada para o enchemento do centro sanitario, utilizarase:**

- A) O Código do Rexistro Xeral de Centros e Establecementos Sanitarios.
- B) O Código do Catálogo Nacional de Hospitais.
- C) O Código do Catálogo Nacional de Hospitais, no caso de centros hospitalarios e o Código do Rexistro de Centros e Establecementos Sanitarios, no caso de centros de asistencia sanitaria especializada ambulatoria.
- D) Ningunha resposta é correcta.

**38. Sinale, entre os seguintes, cal NON constitúe un capítulo dentro da Lista Tabular de Procedementos da CIE-9-MC:**

- A) Procedementos diagnósticos e terapéuticos miscelaneos.
- B) Operacións sobre o sistema nervioso central.
- C) Operacións sobre o aparato tegumentario.
- D) Operacións sobre o sistema endocrino.

**39. Os indicadores e obxectivos que se teñen en conta nos acordos de xestión entre o Servizo Galego de Saúde e as respectivas Áreas Sanitarias, aplica a:**

- A) Área Asistencial exclusivamente.
- B) Só aplica ao ámbito de Saúde Pública pola súa especial relevancia.
- C) Área de Recursos Económicos, Recursos Humanos e Área Asistencial.
- D) Recursos Humanos, cunha monitorización dos mesmos bianual.

**40. Ao exercer o dereito de rectificación, o afectado deberá indicar na súa solicitude:**

- A) Unicamente a que datos se refire.
- B) Unicamente a corrección que haxa de realizarse.
- C) A que datos se refire, a corrección que haxa de realizarse e o lugar no que haxa de publicarse a corrección.
- D) A que datos se refire e a corrección que haxa de realizarse.

**41. A CIE-10-ES Procedementos organízase en 17 seccións identificadas por un dos seguintes caracteres:**

- A) Números do 0 ao 9 e as letras B,C,D,F,G,H,I.
- B) Números do 1 ao 9 e as letras A,B,C,D,F,G,H,X.
- C) Números do 1 ao 10 e as letras A,B,C,D,F,G,H.
- D) Números do 0 ao 9 e as letras B,C,D,F,G,H,X.

**42. Para os efectos dos sistemas de información hospitalaria de Galicia, os acabados de nacer sans no hospital:**

- A) Rexístranse incluídos no rexistro da nai.
- B) Rexístranse especificamente como neonatos sans.
- C) Non se rexistran.
- D) Todas as respostas son incorrectas.

**43. Sinale a resposta INCORRECTA respecto ao rendemento cirúrxico:**

- A) Mide o tempo de ocupación dun quirófano.
- B) É a relación entre o tempo dispoñible para usar un quirófano e o tempo real utilizado.
- C) Mide o número de intervencións cirúrxicas realizadas.
- D) Expressa o grao de utilización dun quirófano.

**44. Sinale cal dos seguintes sistemas de clasificación de pacientes foi deseñado para atención ambulatoria:**

- A) AVG.
- B) DS.
- C) APR-GRD.
- D) PMC.

**45. Cal dos seguintes indicadores de calidade pode utilizarse para avaliar o funcionamento dun arquivo de Historias Clínicas?:**

- A) Índice de normalización ou estandarización da documentación clínica.
- B) Proporción de erros de localización de historias clínicas prestadas.
- C) Grao de implantación dos documentos normalizados.
- D) Grao de enchemento de rexistro de Intervencións Cirúrxicas.

**46. Cal das seguintes ferramentas realiza explotacións estatísticas de datos clínicos no Servizo de Gallego de Saúde?**

- A) SIFCO (Sistema de Información do Fondo de Cohesión).
- B) SINFHO (Sistema de Información de Fisioterapia Hospitalaria).
- C) SIAC (Sistema de Información de Análise Complexas).
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

**47. Das seguintes prestacións, segundo o Decreto 55/2015, do 26 de marzo, cal NON está incluída na libre elección?:**

- A) Asistencia por matró/matrona.
- B) Asistencia por médico/a de familia.
- C) Transporte sanitario programado.
- D) Centros hospitalarios da rede pública do SERGAS para un problema de saúde novo.

**48. Cando unha área sanitaria carece de determinada prestación na súa carteira de servizos:**

- A) Pode derivar ao paciente afectado a calquera outra área sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia que dispoña de dita prestación.
- B) Debe solicitar aos servizos centrais do SERGAS que lle indiquen onde derivar o paciente.
- C) Existe unha instrución do SERGAS que determina os servizos e os hospitais de referencia debendo cada área derivar os seus pacientes segundo o determina dita instrución.
- D) O paciente decide onde acudir para recibir esa prestación sendo os gastos a cargo do SERGAS.

**49. En canto ao tratamento da información clínica, sinale a resposta correcta:**

- A) Indizar consiste en identificar unicamente o diagnóstico principal de cada episodio.
- B) Para a indización dun episodio asistencial é suficiente con revisar o informe de alta.
- C) Codificar significa traducir a unha linguaxe documental e normalizada algo que se atopa en linguaxe natural.
- D) Todas as respostas son falsas.

**50. Qué representante dos seguintes NON forma parte da composición da Comisión Central de Documentación Clínica para a Historia Clínica Electrónica?:**

- A) Unha persoa representante dos servizos de documentación clínica de cada unha das áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde.
- B) Unha persoa representante de centros sanitarios públicos do Servizo Galego de Saúde que desempeñe o seu labor no ámbito asistencial.
- C) Unha persoa representante da Subdirección Xeral con competencias en Sistemas e Tecnoloxías da Información.
- D) Un xefe de Servizo de Información sobre Saúde Pública.

**51. Conforme á Lei de Saúde de Galicia, entre as intervencións públicas que poderán exercer as autoridades sanitarias competentes sobre as actividades públicas e privadas que, directa ou indirectamente, poidan ter consecuencias para a saúde, atópase:**

- A) Establecer as esixencias de autorizacións por razóns sanitarias a empresas, produtos e actividades.
- B) Tomar mostras e analizar produtos que poidan ter repercusión sobre a saúde da poboación.
- C) Controlar a actividade asistencial prestada a traves de mutualidades e compañías aseguradoras, vinculadas ao principio de universalidade das prestacións.
- D) Todas son correctas.

**52. Dos seguintes, indique cal é un indicador de actividade asistencial:**

- A) Taxa de infeccións nosocomiais.
- B) Índice de caídas de pacientes hospitalizados.
- C) Nº de intervencións cirúrxicas realizadas.
- D) Prevalencia de úlceras por presión en pacientes hospitalizados.

**53. Segundo a Resolución do 21 de decembro de 2020, do Instituto Nacional de Estatística, pola que se publica o Convenio co Consello Xeral de Colexios Oficiais de Médicos, para a posta en marcha dun sistema de certificado médico de defunción electrónico con fins rexistrais e estatísticos:**

- A) A inscrición do falecemento e a certificación do mesmo, considéranse o mesmo trámite.
- B) A inscrición do falecemento e a certificación, son actos distintos e autónomos.
- C) Existen varios organismos autorizados para editar e distribuír os impresos dos certificados médicos de defunción oficiais.
- D) O Rexistro Civil é o único organismo que dispón da información sobre a causa da morte.

**54. O aplicativo informático SIGAP utilízase para:**

- A) Rexistrar a poboación galega subsidiaria de atención sanitaria pública.
- B) Xestionar as citas dos pacientes en atención primaria.
- C) Xestionar a atención preventiva en Saúde Pública.
- D) Xestionar as citas dos pacientes en atención hospitalaria.

**55. Sobre a prestación ortoprotésica:**

- A) Inclúe as próteses ortopédicas permanentes ou temporais, non sendo posible a súa renovación.
- B) Será prescrita polos facultativos especialistas e/o médicos de atención primaria e axustarase ao establecido no catálogo autorizado pola administración sanitaria.
- C) Inclúe calquera vehículo para persoas con discapacidade.
- D) Todas son correctas.

**56. Os INCLASNS (Indicadores Clave do Sistema Nacional de Saúde) incorporan datos de múltiples fontes e diferentes soportes, agrupados nas grandes categorías:**

- A) Benestar, estilos de vida e sistema sanitario.
- B) Saúde, estilos de vida e sistema sanitario.
- C) Saúde, determinantes sociais de saúde e sistema sanitario.
- D) Ningunha é correcta.

**57. Segundo a Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias de Galicia, o Servizo Galego de Saúde facilitará información xeral sobre os tempos de acceso ás prestacións:**

- A) Mensualmente.
- B) Trimestralmente.
- C) Semestralmente.
- D) Anualmente.

**58. Cal dos seguintes termos NON ten relación coa calidade asistencial?**

- A) Modelo EFQM.
- B) Normas ISO.
- C) Joint Venture.
- D) Joint Commission.

**59. No ámbito da Petición electrónica de Prestacións do Catálogo de procedementos normalizados "CAPNOR", o Xestor de Peticións fará uso dos seguintes sistemas:**

- A) IANUS: É o punto de entrada ao aplicativo e é quen lle envía os datos iniciais da petición.
- B) SIGAP: Permite a xestión de peticións dirixidas a Atención Primaria (realízanse nun centro de saúde da rede do Servizo Galego de Saúde).
- C) CIWEB: Permite a xestión de peticións para un hospital do Servizo Galego de Saúde.
- D) Todas as respostas anteriores son certas.

**60. En relación coa Clasificación Internacional da Atención Primaria (CIAP-2) sinala a resposta correcta:**

- A) Non permite clasificar simultaneamente os seguintes compoñentes da consulta: motivo da consulta, problema de saúde e proceso de atención.
- B) Baséase en códigos alfanuméricos de 4 caracteres ampliables se se considera necesario.
- C) O primeiro carácter é unha letra que representa un aparato ou sistema orgánico.
- D) Foi elaborado pola Academia Estadounidense de Médicos de Familia.

**61. A ferramenta eCIE-Maps, do Ministerio de Sanidade, é unha aplicación de consulta que inclúe as seguintes clasificacións internacionais de enfermidades:**

- A) CIE-10-ES e CIE-9-MC.
- B) CIE-10-ES, CIE-O-3 e CIE-10.
- C) CIE-10-ES, CIE-O-3, CIE-9-MC e CIE-10.
- D) CIE-10-ES e CIE-10.

**62. O Servizo Galego de Saúde ten publicado un Proceso Asistencial Integrado para un dos seguintes tipos de cancro. Sinala cal:**

- A) C. colorrectal
- B) C. de próstata
- C) C. de páncreas
- D) C. de larinxe

**63. Ao non utilizar nos AP-GRD o diagnóstico principal como a variable inicial na asignación dos GRD e tendo en conta as excepcións, Cal das seguintes asignacións é correcta?**

- A) Infeccións e inflamacións respiratorias, idade < 29 días : CDM 4. Enfermidades e trastornos do aparello respiratorio.
- B) Infeccións e inflamacións respiratorias, idade < 29 días: CDM 14. Embarazo, parto e puerperio.
- C) Infeccións e inflamacións respiratorias, idade < 29 días : CDM 15. Recentemente nados e neonatos con patoloxía orixinada no período neonatal.
- D) Ningunha é correcta.

**64. Segundo o DECRETO 52/2015, do 5 de marzo, (CONSELLERÍA DE SANIDADE), polo que se regula o transporte sanitario:**

- A) Os vehículos de transporte sanitario a que se refire o presente decreto deberán contar coa correspondente certificación técnico-sanitaria, expedida pola xefatura territorial da consellería competente en materia de sanidade.
- B) Con independencia da duración da certificación, o órgano competente para o seu outorgamento non poderá, aínda que o estime oportuno, comprobar o cumprimento das condicións que o xustificaron e proceder ás inspeccións pertinentes.
- C) A categoría de ambulancias de clase C, corresponde ás Non Asistenciais.
- D) A categoría de ambulancias de clase A1, corresponde ás de Transporte Colectivo.

**65. A Tarxeta Sanitaria Europea:**

- A) É válida no territorio do Espazo Económico Europeo, Reino Unido e Suíza.
- B) Acredita o dereito para recibir prestacións sanitarias durante unha estancia temporal ou permanente nun dos países nos que ten validez.
- C) É válida mesmo cando o desprazamento teña a finalidade de recibir tratamento médico.
- D) Permite que en ningún caso o usuario asumirá unha parte dos gastos derivados da asistencia sanitaria.

**66. O catálogo de tipos documentais normalizado do Servizo Galego de Saúde:**

- A) Defínese no "Artigo 10. Dereitos relacionados coa documentación sanitaria" da Lei 8/2008, do 10 de xullo de saúde de Galicia.
- B) É un catálogo definitivo, non admite modificacións.
- C) Defínese na ORDE do 20 de novembro de 2018, pola que se regula a dixitalización da documentación clínica en soporte papel que forma parte da historia clínica.
- D) As respostas B e C son correctas.

**67. Cal das seguintes NON é unha función do persoal médico de admisión e documentación clínica segundo o Decreto 97/2022?**

- A) Organizar e xestionar o transporte da área sanitaria.
- B) Xestionar as reclamacións dos usuarios.
- C) Realizar e supervisar a codificación clínica da área sanitaria.
- D) Colaborar na recollida de datos para facturación.

**68. Segundo o Decreto 52/2001 polo que se regula a acreditación dos centros hospitalarios de Galicia, o hospital acreditado NON garante:**

- A) A existencia dunha historia clínica única, integrada e en formato dixital.
- B) Cubrir de xeito apropiado a historia clínica.
- C) A existencia dunha historia clínica acumulativa para cada paciente.
- D) A confidencialidade da información contida na historia clínica.

**69. Segundo a Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica, indica cal dos seguintes enunciados é o correcto: O Consentimento informado...**

- A) Non forma de parte da actuación asistencial, senón da relación médico-paciente.
- B) É unha esixencia social que non está recollida nas leis.
- C) Baséase no respecto á dignidade e autonomía da vontade do paciente.
- D) O seu contido explica exclusivamente a técnica terapéutica a realizar.

**70. Con respecto á programación cirúrxica, considérase intervención suspendida:**

- A) Aquela intervención programada que non se realiza nas 48 h seguintes á súa programación.
- B) Aquela intervención programada que se retira da programación e non é substituída por outra cirurxía programada.
- C) Aquela intervención programada que se substitúe por unha cirurxía urxente ou programada.
- D) Ningunha é correcta.

**71. O ámbito de aplicación do Rexistro de Actividades de Atención Sanitaria Especializada, conforme o Real Decreto 69/2015, do 6 de febreiro, abarca tanto a hospitalización como:**

- A) Hospital de día cirúrxico.
- B) Cirurxía ambulatoria.
- C) Urgencias.
- D) As respostas B e C son correctas.

**72. Nun suposto teórico, un hospital de 100 camas que teña unha estancia media de 10 días, cantos ingresos precisaría realizar nun período de 30 días para ter unha taxa de ocupación do 80%?**

- A) 240.
- B) 190.
- C) 270.
- D) 225.

**73. Poderán dirixirse ao responsable ou encargado do tratamento, ao obxecto de solicitar o acceso aos datos persoais do falecido e, no seu caso, a súa rectificación ou supresión:**

- A) As persoas vinculadas ao falecido por razóns familiares.
- B) As persoas vinculadas ao falecido por razóns de feito.
- C) Os seus herdeiros.
- D) Todas son correctas.

**74. Segundo a Orde do 13 de xullo de 2004, unha consulta sucesiva é:**

- A) A que ten lugar tras unha consulta previa que cursou con alta.
- B) A que ten lugar tras un episodio de hospitalización.
- C) A que se realiza a un paciente por tratarse dun proceso novo.
- D) Todas as respostas son correctas.

**75. No sistema de información corporativo do Servizo Galego de Saúde, no referente aos indicadores de camas de hospitalización defínense:**

- A) Camas instaladas: número de camas que non forman parte da dotación fixa do hospital, sexan ou non utilizables, contabilizando a media diaria dentro do período de estudo.
- B) Camas habilitadas: número de camas que forman parte da dotación fixa do hospital e nas que se producen ingresos, contabilizando a media diaria dentro do período de estudo.
- C) Camas funcionantes: número de camas con capacidade de uso, estean ou non ocupadas, contabilizando a media diaria dentro do período de estudo.
- D) Camas ocupadas: número de camas que forman parte da dotación fixa do hospital na que se poden producir ingresos, contabilizando a media diaria dentro do período de estudo.

**76. O tempo de espera dos pacientes pendentes de consulta externa ou proba diagnóstica/terapéutica, conforme ao Decreto 605/2003, do 23 de maio, debe atender aos seguintes criterios de cómputo:**

- A) Total de pacientes con solicitude de cita pendente a primeira data dispoñible, independentemente da prestación solicitada.
- B) Pacientes en espera estrutural para realización de primeira consulta ou proba diagnóstica/terapéutica, incluídos no rexistro, nun momento dado.
- C) Diferenza en días hábiles, entre a data de rexistro da solicitude e a data de corte.
- D) Pacientes no rexistro cuxa cita se estableceu sobre unha data solicitada polo médico petionario.

**77. Sinale a afirmación correcta acerca da SNOMED-CT:**

- A) É un software.
- B) É unha terminoloxía clínica de uso exclusivo para a área de anatomía patolóxica.
- C) Actualízase dúas veces ao ano.
- D) O seu obxectivo é substituír ás clasificacións internacionais de enfermidades en vigor.

**78. Cal dos seguintes NON é un indicador da actividade/calidade do Servizo de Atención ao Paciente?**

- A) Número de reclamacións presentadas.
- B) Taxa de reclamacións respondidas.
- C) Demora media na contestación das reclamacións.
- D) Horario do Servizo de Atención ao Paciente.

**79. Para o acceso a documentación clínica por parte dun/dunha paciente mo Servizo Galego de Saúde:**

- A) A información sobre o procedemento para obter a documentación clínica proporcionarase no mostrador de atención ao paciente dos centros de saúde ou no Servizo de Atención ao Paciente do hospital de referencia.
- B) Pode consultar a súa Historia Clínica e o Historial farmacoterapéutico a través de internet na páxina web do Sergas no espazo "Asistencia sanitaria" e na "Plataforma É-Saúde".
- C) A "Plataforma É-Saúde" contén información clínica dispoñible para un/unha paciente, independentemente do hospital, clínica e/ou centro de saúde de Galicia no que se rexistrase.
- D) Todas son certas.

**80. Na CIE-9-MC, a táboa de neoplasias:**

- A) Atópase incluída no Capítulo 2 (Neoplasias) dentro da Lista Tabular de Enfermidades.
- B) Trátase dunha clasificación complementaria.
- C) Figura como un apéndice xunto coa morfoloxía das neoplasias.
- D) Atópase dentro do Índice Alfabético de Enfermidades.

**81. Os/as profesionais poderán consultar a información contida na historia clínica electrónica en:**

- A) Todas as circunstancias que impliquen ou non actividade asistencial sobre o/a paciente.
- B) O exercicio das funcións e competencias que teñan recoñecidas.
- C) Cando o/a paciente solicite copia da súa Historia Clínica, de forma presencial.
- D) A pedimento dun familiar que reclama información actualizada.

**82. Segundo o Anexo I do Decreto 159/2014, o documento de instrucións previas formalizarase por escrito ante:**

- A) Notario/a.
- B) Tres testemuñas.
- C) Persoal do Rexistro galego de Instrucións Previas ou das unidades habilitadas.
- D) Todas as respostas son correctas.

**83. Segundo o Decreto 52/2001 polo que se regula a acreditación dos centros hospitalarios de Galicia, as dependencias destinadas a Admisión:**

- A) Atópanse próximas ás entradas do hospital.
- B) Están adecuadamente sinalizadas.
- C) Dispoñen de espazo diferenciado para a atención ao público e para o traballo administrativo.
- D) Todas as respostas son correctas.

**84. Segundo os criterios que se contemplan na Orde do 20 de Novembro de 2018, sinala a opción correcta:**

- A) Pódese incorporar un documento clínico á historia clínica, no lugar máis axeitado, a consideración do profesional responsable, tendo en conta a lexislación vixente.
- B) Existen diferentes niveis de indexación na historia clínica, acordados pola Comisión Central de Documentación Clínica de IANUS.
- C) Os niveis de indexación, unha vez definidos, non poden ser modificados a proposta dalgún profesional.
- D) Non se pode indexar documentos a nivel de Atención Primaria.

**85. Entre as funcións principais do comité técnico-sanitario de Historias Clínicas atópase:**

- A) Responder a todas as solicitudes de copias de historias clínicas feitas polos xulgados e outros organismos autorizados.
- B) Avaliar a calidade da historia clínica mediante a realización dos estudos oportunos sobre a mesma.
- C) Realizar estudos de avaliación de calidade asistencial e mortalidade partindo dos datos contidos nas historias clínicas.
- D) Regular os accesos á historia clínica electrónica outorgando os permisos a cada usuario segundo o seu perfil profesional.

**86. O médico de admisión e documentacion clínica, entre as súas funcións e no ámbito da facturación a terceiros obrigados ao pago, deberá:**

- A) Garantir a identificación, actualización e mantemento do ficheiro mestre de pacientes das Mutuas Laborais.
- B) Realizar coa Área de Xestión Económica da área sanitaria, a facturación dos procesos asistenciais.
- C) Colaborar coa Área de Xestión Económica da área sanitaria na recollida de datos para facturación.
- D) Todas son correctas.

**87. Segundo o Real decreto 1039/2011, do 15 de xullo, aplicarase o tempo máximo de acceso á prestación no seguinte caso:**

- A) Intervencións cirúrxicas de transplante de órganos.
- B) Probas diagnósticas programadas en atención ambulatoria.
- C) Intervencións cirúrxicas programadas durante a hospitalización.
- D) Atención sanitaria urxente.

**88. Segundo a Orde de 19 de maio de 2003, no procedemento de inclusión na cola de programación doutros centros do Servizo Galego de Saúde sinala a resposta INCORRECTA:**

- A) O Servizo de Admisión do centro remitente, remitirá relación de pacientes que aceptaron derivación ao Servizo de Admisión do centro de destino.
- B) O centro de destino deberá cumprimentar nova folla de inclusión e mecanizala no aplicativo informático.
- C) O centro remitente manterá ao paciente no seu rexistro ata notificación de saída por demanda satisfeita programada en hospital de destino.
- D) Todas as respostas son correctas.

**89. Compensarase con cargo ao Fondo de Cohesión Sanitaria:**

- A) A asistencia sanitaria de cidadáns desprazados temporalmente en España, en calquera caso.
- B) A asistencia sanitaria prestada a aqueles pacientes residentes en España que se deriven a unha comunidade autónoma distinta daquela na que teñen a súa residencia habitual, para ser atendidos nos centros, servizos e unidades designadas como de referencia polo Ministerio de Sanidade.
- C) A atención urxente que se solicita polo propio paciente de forma espontánea durante un desprazamento a unha comunidade autónoma distinta á súa de residencia.
- D) Todas son correctas.

**90. Na CIE-10-ES Diagnósticos, a táboa de neoplasias:**

- A) Está no Capítulo II (Neoplasias) da lista tabular de enfermidades.
- B) Figura como un anexo.
- C) Forma parte do índice alfabético de enfermidades.
- D) Non existe táboa de neoplasias na CIE-10-ES Diagnósticos.

**91. Segundo o Decreto 52/2001 que regula a acreditación dos centros hospitalarios da Comunidade Autónoma de Galicia, o paciente debe dispoñer de normas e procedementos escritos sobre:**

- A) Funcionamento interior do centro.
- B) Utilización de servizos de que pode dispoñer: teléfono, correos, información, relixiosos.
- C) Lugar de depósito e custodia das súas pertenzas durante a súa estancia no hospital.
- D) Todas as respostas son correctas.

**92. O prazo para a resolución da solicitude dunha segunda opinión médica contabilizado a partir da solicitude é de:**

- A) 10 días naturais.
- B) 10 días hábiles.
- C) 15 días naturais.
- D) 15 días hábiles.

**93. No momento da dixitalización dunha historia clínica, qué documento se debe conservar de forma indefinida no seu formato orixinal?:**

- A) Informe de Alta de Hospitalización.
- B) Informe de Necropsia.
- C) Consentimentos Informados.
- D) Ningúnha das respostas anteriores é correcta.

**94. Sinale, de entre as seguintes respostas, cal NON constitúe un capítulo da CIE-10-É Diagnósticos:**

- A) Capítulo XIII; Enfermidades do aparello musculoesquelético e do tecido conectivo.
- B) Capítulo XV; Embarazo e período perinatal.
- C) Capítulo XVII; Malformacións conxénitas, deformidades e anomalías cromosómicas.
- D) Capítulo XIX; Lesións traumáticas, envelenamentos e outras consecuencias de causas externas.

**95. Segundo a Orde do 13 de xullo de 2004, para os efectos do rexistro, que consulta das seguintes se clasifica como consulta de saúde?**

- A) Consultas para gradación da vista.
- B) Revisión do neno san.
- C) Consulta para a realización de determinados trámites administrativos.
- D) Todas as respostas son correctas.

**96. En canto ás funcións dos Servizos de Admisión e Documentación Clínica, sinale a resposta correcta:**

- A) Autoriza e xestiona os cambios de ubicación dos pacientes dentro da área de hospitalización en función de criterios e prioridades establecidas.
- B) Facilita aos servizos cirúrxicos a relación de pacientes xa preparados para a súa programación cirúrxica.
- C) Establece controis periódicos de todos os pacientes preparados para cirurxía que non fosen intervidos, co obxecto de evitar a caducidade dos seus estudos.
- D) Todas as anteriores son funcións dos SADC.

**97. De entre os seguintes indicadores sinale cal NON é útil como indicador de calidade do proceso de actividade cirúrxica:**

- A) Número de entradas en lista de espera por período.
- B) Grado de mantemento de estudos preoperatorios válidos.
- C) Nivel de codificación de diagnósticos e procedementos en lista de espera.
- D) Grao de inscrición de datos do rexistro de intervencións cirúrxicas.

**98. A Triaxe baseada no Sistema de Manchester:**

- A) Pódea realizar calquera persoal con preparación en soporte vital básico (SVB).
- B) É competencia do persoal administrativo.
- C) É levado a cabo por enfermería con apoio médico puntual.
- D) É función do profesional non sanitario que recepciona ao/á paciente.

**99. No referido ao control de acceso á Historia Clínica Electrónica do Servizo Galego de Saúde, cal das seguintes afirmacións é certa?:**

- A) Será necesario xustificar o seu acceso cubrindo unha nota xustificativa que debe ser asinada dixitalmente polo profesional, en todas as ocasións.
- B) O profesional poderá acceder á Historia Clínica dos pacientes aos que atendeu ou atenderá el ou un profesional do seu mesmo servizo
- C) O profesional pode acceder a calquera Historia Clínica sempre que o motivo sexa con fins de investigación, sen necesidade de xustificación.
- D) Os motivos posibles de acceso a unha Historia Clínica non están definidos en IANUS.

100. Segundo o RD 69/2015 polo que se regula o Rexistro de Actividade de Atención Sanitaria Especializada, dentro das categorías posibles do variable "tipo de alta" do RAE-CMBD NON se atopa:

- A) Éxito
- B) Descoñecido
- C) Alta voluntaria
- D) Paso a control por médico de cabeceira

Preguntas de reserva

**1. Sinale a afirmación correcta respecto ao aplicativo CONTACTE:**

- A) Permite que o usuario presente de maneira telemática as súas reclamacións, queixas e suxestións.
- B) É un sistema de xestión único e homoxéneo para todo o Servizo Galego de Saúde.
- C) Permite a análise sistemática da información que xestiona.
- D) Todas as respostas son correctas.

**2. Sinale o elemento que forma parte dun indicador:**

- A) Estándar.
- B) Comparación con outros indicadores.
- C) Matriz DAFO.
- D) Brainstorming.

**3. O tempo máximo de acceso para as intervencións cirúrxicas programadas segundo a Lei 12/2013, de garantías de prestacións sanitarias é de:**

- A) 60 días hábiles.
- B) 45 días hábiles.
- C) 60 días naturais.
- D) 45 días naturais.

**4. Cal é a definición legal de Historia Clínica?:**

- A) A unidade asistencial documental con organización propia, dotada dos recursos para saber sobre a situación e a evolución clínica dun/dunha paciente.
- B) O soporte de calquera tipo ou clase que contén un conxunto de datos e informacións de carácter asistencial sobre un/unha paciente.
- C) O conxunto de documentos emitidos por un médico que reúne todo dato, calquera que sexa a súa forma, clase ou tipo, para adquirir ou ampliar coñecementos sobre o estado físico e a saúde dunha persoa, ou a forma de preservala, coidala, melloralala ou recuperala.
- D) O conxunto de documentos que conteñen os datos, valoracións e informacións de calquera índole sobre a situación e a evolución clínica dun paciente ao longo do proceso asistencial.

**5. Como criterios básicos para a avaliación da calidade da codificación, nas auditorías débense analizar:**

- A) Erros de indización
- B) Erros de codificación
- C) Ausencia de diagnósticos e procedementos relevantes para a clasificación do episodio asistencial
- D) Todas as respostas son correctas

6. Segundo o RD 1039/2011 polo que se establecen os criterios marco para garantir un tempo máximo de acceso ás prestacións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde, en cal das seguintes circunstancias quedará sen efecto a garantía de tempo máximo de acceso, pero o usuario continuará no rexistro de lista de espera?

- A) Cando o usuario deixe de ter a indicación que xustificaba a atención garantida.
- B) Cando o usuario renuncie voluntariamente á atención garantida.
- C) Cando o usuario atrase a atención sen causa xustificada.
- D) Cando o usuario non se presente, sen motivo xustificado, á atención correspondente no centro que lle ofrezca o servizo de saúde.

7. Son indicadores de calidade, no sistema de información corporativo do Servizo Galego de Saúde:

- A) Custo acumulado do tratamento por paciente con VIH.
- B) Porcentaxe de pacientes con EPOC a tratamento con broncodilatadores de longa duración.
- C) Tempo medio en espera estrutural de primeiras probas de mamografía.
- D) Ningunha é correcta.

8. A fórmula para calcular a presión de urxencias é:

- A) N° de urxencias ingresadas / N° de urxencias atendidas.
- B) N° de urxencias atendidas por cada 1000 habitantes.
- C) Ingresos urxentes / Total de ingresos.
- D) N° de urxencias trasladadas a outros hospitais / N° de urxencias.

9. Con respecto aos Procesos Asistenciais Integrados, sinala a resposta FALSA:

- A) O seu propósito é aumentar a efectividade das actuacións clínicas a través dunha maior coordinación e garantía de continuidade asistencial.
- B) Baséanse en priorizar a rapidez no diagnóstico por encima doutras consideracións.
- C) Son ferramentas de mellora da calidade nas que o paciente é o eixo central da organización asistencial.
- D) A elaboración dun PAI precisa analizar a interrelación entre profesionais e dispositivos asistenciais e as expectativas do paciente.

10. Para que un sistema de clasificación de pacientes, como o de GRD, sexa práctico e lóxico, conclúese que debería ter as seguintes características:

- A) A información do paciente utilizada na definición dos GRD debería limitarse á recompilada de forma habitual nos informes do hospital, e debería chegarse a un número manexable que englobase a todos os pacientes en hospitalización.
- B) Cada GRD debería conter pacientes cun patrón similar de consumo de recursos.
- C) Cada GRD debería conter pacientes que fosen similares desde un punto de vista clínico, é dicir, que cada grupo debería ser clinicamente coherente.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.